

ANUNCIO

A Alcaldía, con data 16-06-2025, ditou a Resolución 892/2025 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE DOUS SOCORRISTAS DE PISCINA PARA O VERÁN DE 2025 A PARTIR DA BOLSA DO ANO 2023

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000008

EXPTE. TEDEC RELACIONADO:2023/E001/000009

ANTEDECENTES

1. A lei de bases de réxime local, no seu artigo 25 establece, entre outros, que "(...)El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.(...)" así como : "(...) El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias : (...) I) Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre. (...)".
2. Á vista da memoria existente para o servizo que consta no expediente, por parte do Concello de Vimianzo, preténdese abrir a piscina municipal descuberta, aproximadamente entre xullo e principios de setembro, co fin de prestar servizos públicos á veciñanza no ámbito que establece o art. 25.2 i) da Lei de bases de réxime local.
3. O Concello de Vimianzo ten solicitada unha axuda da Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria do programa FO023B/2025: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2025 (BOP núm. 199, do 15/10/2024), con núm. De expte. 2024000043848.
4. Para cubrir o servizo é precisa a contratación de dous socorristas.
5. Por Resolución de Alcaldía núm. 1039/2023 de data 18/07/2023 aprobouse a seguinte bolsa de traballo para a contratación de socorristas de piscina no Concello de Vimianzo, como persoal laboral temporal, grupo de cotización 3:

NUM	EXP.	NOME	APELIDOS	DNI	TOTAL
1	2023/E002/000069	ROI	CAAMAÑO CUNDINS		5,60
2	2023/E002/000068	PABLO	OREIRO LAGOA		3,50
3	2023/E002/000070	SARA	GONZALEZ ANTELO		3,00

7. Considérase a necesidade e a urxencia da contratación de socorristas de piscina do Concello de Vimianzo, dando cumprimento ao requisito que esixe o artigo 20, apartado cinco, da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2023, prorrogados para o 2025, que indica o seguinte:

“No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de personal funcionario interino excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable”

8. Considérase que se cumpre co estipulado no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, punto 2, para celebrar un contrato por circunstancias da produción para atender unha situación ocasional, previsible e que ten unha duración reducida, neste caso de setenta e cinco días aproximadamente.
9. Consta no expediente a Providencia de Alcaldía con data do 23/05/2025 que inicia este expediente de chamamento para a cobertura de dous postos de socorristas de piscina.
10. Consta o anuncio sobre o chamamento con data do 28/05/2025 e a aceptación, xunto coa documentación necesaria, das dúas persoas convocadas, segundo consta no informe emitido pola técnica de Desenvolvemento Local con data do 16/06/2025.
11. Consta o informe do interventor municipal con data do 26/05/2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Téñense en conta as bases que rexen o procedemento.

O artigo 21.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) establece a atribución da Alcaldía para aprobar as bases de selección, e o artigo 21.1.r establece que lle corresponde ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do concello.

As bases 12^a, 13^a, 14^a e 15^a regulan o funcionamento da bolsa de emprego de socorristas de piscina para o Concello de Vimianzo e a realización de contratacións a partir dela.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Dispoñer a contratación de:

NU M	EXP.	NOME	APELIDOS	DNI
1	2023/E002/000069	ROI	CAAMAÑO CUNDINS	
2	2023/E002/000068	PABLO	OREIRO LAGOA	



con data de inicio o 01/07/2025 e data de finalización o 14/09/2025, a xornada completa, con contrato por circunstancias da produción (Art. 15, punto 2 do Estatuto dos Traballadores), código de contrato 402. As retribucións son as que figuran nas bases e os horarios establécenos o Concello de Vimianzo en función do programa da piscina municipal.

Ao contrato deben engadírselle as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

[...]"

Vimianzo, 30 de xuño de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez